

PLAN DIXITAL



Versión 1.0_ xuño 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introducción	3
1.1. Datos básicos do centro.....	3
1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro	4
1.3. Breve xustificación do mesmo	5
1.4. Proceso de elaboración.....	5
2. Situación de partida.....	5
2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais.....	5
2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.....	7
2.2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO (Informe Selfie e TestCDD).....	7
2.2.2. Participación segundo perfil do profesorado.....	7
2.2.3. Puntuación e nivel de competencia do centro.....	8
2.2.4. Puntuación e nivel de competencia por etapas.....	8
2.2.5. Distribución do profesorado por niveis	8
2.3. Análise DAFO.....	9
3. Plan de Acción.....	11
3.1. Obxectivos, indicadores e accións.....	11
3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas.....	15
4. Avaliación do plan.....	16
4.1. Seguimento do Plan de Acción	16
4.2. Propostas e mellora.....	17
5. Difusión do plan.....	18

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O centro educativo CEIP do Xurés pertence ó Concello de Lobios, situado ó sur de Galicia e tamén da provincia de Ourense. Limita ó Norte cos Concellos de Lobeira e Entrimo, ó Leste cos de Lobeira e Muíños e ó Sur e ó Oeste coa veciña Portugal.

Denominación oficial: CEIP Plurilingüe do Xurés

Código do Centro: 32006358

Concello: Lobios

Enderezo: Paraño 31

Código Postal: 32870

Teléfono / Fax: 988448007

Correo electrónico: ceip.doxures@edu.xunta.es

A relación de postos de profesorado no curso 2021-2022 foi o seguinte:

Posto	Nº mestres/as
Educación Infantil	1
Educación Primaria	2
Lingua Estranxeira	1
Educación Física	1
Educación Musical	1
Relixión Católica	1
Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe	1
Orientación	1
ARCO	1*
PROA+	1*
Auxiliar Conversa	1*
Total	12 mestres/as

* O profesorado non estivo todo o curso académico (mestre ARCO rematou 21 decembro, mestre

PROA* rematou de xuños e auxiliar conversa rematou 31 de xaneiro)

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- O Concello conta cunha poboación de aproximadamente 1700 habitantes. Trátase dunha poboación maioritariamente regresiva, na que predominan os maiores de 60 anos sobre os menores de 20 anos, que decrecen progresivamente en número o que supón cada ano un descenso no alumnado do noso centro.

- A poboación non se distribúe uniformemente por toda a zona. Pobos, aldeas e lugares concéntranse polo baixo val do Limia como corresponde a un patrón de poboamento con economía agropecuaria.

- Sobre as áreas mais propicias para a agricultura localízanse os núcleos de poboación mais importantes. En contraste, existen auténticos desertos dentro da comarca sobre todo nas zonas superiores das serras.

- O sector servizos, sobre todo hostalería, comercio e transportes, ocupa o segundo lugar na economía da zona. Nos últimos anos, a raíz da explotación turística do parque do Xurés e do Balneario de Río Caldo aumentou moito o nivel de ocupación neste sector.

- A industria a penas existe, salvo pequenas explotacións familiares: bares, panaderías, tendas, algo no traballo da madeira, algunha canteira e tamén construción.

En canto a contribución do Plan Dixital ao Proxecto Educativo do centro e a outros Plans e programas, incidir que será unha ferramenta vital para o emprego das Tic's no centro educativo, xa que os obxectivos propostos no presente plan (versión 1.0) van encamiñados a capacitar ao profesorado, alumnado e familias integrando as ferramentas Tic's no desenvolvemento curricular e da vida do centro educativo.

1.3. Breve xustificación do mesmo

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

A organización do centro educativo para a elaboración do presente Plan Dixital (versión 1.0), realizouse baixo os principios de igualdade, cooperación, compromiso e traballo en equipo.

Partiuse como situación de partida atendendo á Resolución do 3 de setembro de 2021 da creación do equipo de traballo para o Plan Dixital (centro de menos de 6 unidades correspóndelle á dirección elaboración do Plan Dixital).

Seguidamente impulsouse una liña de traballo dentro do PFPP do centro educativo para o curso 2021-2022, na cal participou todo o profesorado pertencente ao claustro do centro educativo.

Desenvolveuse primeiramente a recollida de datos a través do aplicativo SELFIE.

Seguidamente realizouse o Test CDD (Competencia Dixital Docente).

Despois realizouse o análise DAFO do centro

A continuación a partir da análise DAFO establecéronse os obxectivos a desenvolver no Plan de Acción.

Finalmente elaborouse o presente Plan Dixital do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

➤ O centro educativo dispón de catro liñas telefónicas que dan servizo ou conexión por cable ao despacho de dirección, ao departamento de orientación, a aula Tic, a biblioteca e a sala de profesores. Ademais de dar conexión wifi a todo o centro educativo e dar servizo para unha liña telefónica para contactar co centro ou exterior.

➤ En canto ao equipamento do centro dispón de 8 aulas dixitalizadas (ordenador para o Mestre, encerado dixital ou proxector e conexión wifi), das cales 2 empréganse para desenvolver o proxecto E-Dixgal, ademais a biblioteca conta cun recuncho Tic (dotado con 3 equipos), xunto con outro Pc para deseño e impresión de estruturas en 3D na impresora asignada. Tamén se conta cun recuncho creativo para iniciar ao alumnado na programación de pequenos robots e cun programa chamado Digi-Craft. Na sala de profesores tamén dispoñemos de 2 Pc e unha impresora para que os docentes podan realizar tarefas e documentos vinculados coas súas funcións educativas e administrativas. O despacho de dirección dispón de ordenador para tarefas administrativas e de xestión, o departamento de orientación conta con equipo informático e un salón de actos dotado cun Pc e un proxector.

➤ O centro conta cunha páxina web, un blog, un aula virtual, cos recursos propios do programa E-Dixgal (10 equipos para o alumnado e 5 para o profesorado), tamén se fai uso da aplicación abalar móbil para facilitar a comunicación coas familias. O tamén dispón de correo corporativo para comunicarse coa administración, coas familias, con outras administración ou institución e un grupo de whatsapp de comunicación inmediata co profesorado.

➤ O mantemento ou soporte técnico do equipamento do programa E-Dixgal é proporcionado pola propia administración educativa (Uac) e do resto do equipamento as empresas servicios informáticos da zona cando estes precisan de reparación, senón o coordinador Tic do centro.

➤ Os protocolos ou plan relacionados coas novas tecnoloxías pódense consultar a web do centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdoxures/>)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

2.2.1. Fontes empregadas para a análise DAFO (Informe Selfie e TestCDD)

Áreas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	4.3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.7
	Profesorado	3.5
	Alumnado	4.6
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3.8
	Profesorado	4.1
	Alumnado	4.8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4.7
	Profesorado	4.7
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4
	Profesorado	4.2
	Alumnado	
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	4
	Profesorado	3.4
	Alumnado	4.5
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	2.6
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3
	Profesorado	3.2
	Alumnado	4.8

2.2.2. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	<u>4</u>	<u>4</u>	<u>100</u>
PROVISIONAL			
INTERINO	<u>5</u>	<u>5</u>	<u>100</u>
SUBSTITUTO			
DESPRAZADO			

2.2.3. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
65,2	<u>Integrador/a (B1)</u>	76,4	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2.4. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO				
INF.	<u>69</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>	66,2	<u>Integrador/a (B1)</u>
E.P	<u>64,5</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	77,3	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2.5. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	<u>1</u>	<u>11,1%</u>
A2	<u>5</u>	<u>55,6%</u>
B1	<u>2</u>	<u>22,2%</u>
B2		
C1	<u>1</u>	<u>11,1%</u>
C2		
TOTAL	<u>9</u>	<u>100%</u>

2.3. Análise DAFO

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	A dotación de equipos do centro é boa en número. E-dixgal, Aulas virtuais, Biblioteca creativa; Digicraft.	Limitacións da maqueta libre abalar.
	PERSOAL DOCENTE	Implicación e predisposición ante novas metodoloxías.	Falta de coñecementos en materia de protección de datos por parte da comunidade educativa. Descoñecemento da lexislación referente a licencias de creación e compartir contados.
	PERSOAL NON DOCENTE	Emprego de recursos dixitais no centro na actualidade a través de aulas virtuais; Edixgal; Liveworksheet.	Falta de tempo para desenvolver toda a creatividade dixital do profesorado.
	ALUMNADO	A competencia do alumnado aumenta segundo avanza a súa idade.	Facer énfase na creación de contidos recoñecendo e valorando o traballo dos demais.
	FAMILIAS		Baixa implicación das familias en estratexias, actividades que impliquen recursos dixitais.
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	Implementación e Aulas Virtuais e outros recursos dixitais antes da realización do propio Plan Dixital.	Cadro de persoal cambiante e non estable, o que con leva que non teñan a continuidade que se desexase os programas, proxectos e iniciativas que se desenvolven no centro.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		Oferta formación limitada en prazas para acceder profesorado. Limitacións maqueta abalar. Limitacións equipos E-dixgal. Puntualmente falla a conexión e a asistencia técnica demorase cando é en persoa debido a situación xeográfica do centro.
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA		Perfil socio-demográfico baixo.
	ANPA	Propor á ANPA de realizar actividades que fomenten os obxectivos do Plan Dixital.	Pouca implicación respecto a aplicación de estratexias dixitais na súa oferta de actividades.
	OUTRAS ENTIDADES	Involucrará as entidades presentes na contorna a participar en actividades co centro educativo.	Escasas ou inexistentes entidades na contorna relacionadas co Plan Dixital.

3. Plan de Acción

Ao longo do curso 2021/2022, no CEIP Plurilingüe do Xurés levouse a cabo unha recompilación de información en materia de competencia e desenvolvemento dixital a través do cuestionario SELFIE, o Test de Competencia Dixital Docente (T-CDD) e o informe DAFO. Partido da análise dos datos obtidos e tendo en conta o marco pedagóxico do centro, a súa infraestrutura tecnolóxica e as súas necesidades, preséntase agora o Plan de Acción Dixital. Este plan, que será implementado no curso 2022/2023, pretende ser a folia de ruta para a transformación dixital do centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Partindo da análise DAFO do centro, fíxanse obxectivos prioritarios que permitan superar as debilidades e ameazas detectadas, empregando as oportunidades e fortalezas. Trátanse, en todo caso, de obxectivos medibles, revisables e susceptibles de ser modificados durante o curso escolar se así fose preciso. Os obxectivos están contextualizados con tres das áreas de mellora do marco DigCompOrg: *Desenvolvemento profesional continuo (D)*, *Pedagogía: apoio e recursos (E)* e *Colaboración e Redes (B)*.

Así, os obxectivos propostos para ser acadados durante o curso 2022/2023 son:

- Aumentar os coñecementos do profesorado en materia de protección de datos.
- Aumentar o tempo empregado no centro para o desenvolvemento da creatividade dixital do profesorado.
- Aumentar a implicación das familias en estratexias e recursos dixitais.

A continuación, para cada un destes obxectivos, inclúese unha táboa na que se recolle o seu indicador, valor de partida así como as accións conducentes á súa consecución e os responsables das mesmas.

"Área/s de mellora": Desenvolvemento profesional continuo - D						
1. OBXECTIVO (1):	Aumentar coñecementos en materia de protección de datos				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	O 50% do profesorado aumentou a súa competencia en protección de datos					
Valor de partida (3)	0% do profesorado ten coñecementos en materia de protección de datos					
Valor previsto e data (4)	50% do profesorado aumentou a súa competencia en protección de datos					
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Recompilación de bibliografía	Claustro	Decembro 2022	Orzamento adquisición bibliografía Equipos informáticos Conexión rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Recompilación de lexislación en materia de protección de datos	Claustro	Decembro 2022	Equipos informáticos Conexión rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Formación sobre protección de datos	Dirección	Xuño 2023	Formador Equipos Informáticos Orzamento		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Pedagogía: apoio e recursos – E						
1. OBXECTIVO (1):	Aumentar tempo creatividade dixital do profesorado				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección centro				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	A implicación do profesorado en creatividade dixital aumentou un 50%					
Valor de partida (3)	1 hora semanal dedicada a creación de recursos dixitais					
Valor previsto e data (4)	1 hora e media semanal dedicada a creación de recursos dixitais					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Establecer 2 sesións de 45 minutos para a creatividade en recursos dixitais	Dirección	Xuño 2023	Equipos informáticos Conexión rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Crear un repositorio de contidos/recursos	Coordinador TICS	Xuño 2023	Equipos informáticos Conexión rede Aula virtual		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Pendente	

"Área/s de mellora": Colaboración e redes - B						
1. OBXECTIVO (1):	Aumentar implicación da familia en estratexias/recursos dixitais				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador/a Tics				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Implicación aumentou por parte de 10 familias					
Valor de partida (3)	2 familias implicadas en estratexias/recursos dixitais					
Valor previsto e data (4)	12 familias implicadas en estratexias/recursos dixitais					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Reunión coas familias do centro educativo	Dirección	Outubro 2022	Espazo para reunión Equipos informáticos Conexión rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2:Difusión titoriais sobre recursos dixitais	Coordinador TICS	Decembro 2022	Equipos informáticos Conexión rede		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3:Concursos de temáticas variadas empregando recursos dixitais	Coordinador TICS	Xuño 2023	Equipos Informáticos préstamo familias de ser preciso		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

- Necesidade de mobiliario como mesas abatibles e portátiles, cadeiras lixeiras e apilables de fácil limpeza e mesas poligonais para o traballo de grupo para unha mellora na dotación e organización de recunchos, para que tanto o profesorado , alumnado e familias contén cos recursos suficientes e organizados nos diferentes espazos. Creando espazos confortables, dotados de recursos e atractivos para desenvolver as actividades.
- Necesidade de material audiovisual, fotográfico e RV de cara a posta en práctica de actividades vinculadas co entorno e traballo de contidos curriculares de Proxectos de centro, de cara a actualización de algúns dos materiais adquiridos polo centro anteriormente e se foi desgastando polo seu uso.
- Necesidade de material de robótica e programación para seguir iniciando ó alumnado neste tipo de actividades xa que no centro non contamos con suficientes robots para todo o alumnado e a variedade deles é escasa para poderlles ensinar diferentes tipos de robots para o seu manexo así como noutros aspectos da programación. Neste caso o alumando iniciouse soamente no manexo do scarnabot dende fai varios cursos.
- A finais deste curso o centro adquiriu unha impresora 3D e o profesorado fixo un curso de formación para o manexo e emprego da mesma. Ante isto vemos a necesidade de adquirir máis impresoras 3D e material de fabricación ,construción e téxtil para o aproveitamento da impresora 3D e da posta en práctica de diferentes obradoiros de construción e téxtil.
- Necesidade de material informático de cara a continuación do uso de programas como Edixgal ou Digicraft.
- Mellora da maqueta libre Abalar.

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos levarase a cabo da seguinte maneira:

4.1. Seguimento do Plan de Acción

Avaliación procesual: A frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre e valoraranse os aspectos indicados a continuación.

-Estado de execución das accións e análise e valoración dos resultados

Para avaliar si hai avances poderíase pasar unha enquisa aos mestres e alumnos, así como comparar os datos recadados a principio de curso coa observación do seguimento da web, redes sociais e uso da aula virtual, multimedia, etc.

Análise de necesidades:

- Que necesidades colectivas de desenvolvemento profesional relacionadas coa integración das tecnoloxías dixitais de aprendizaxe xorden?
- Potenciar o uso dos medios de comunicación dixitais do centro: páxina web, abalar....
 - Mellorar o uso do servidor documental.
- Que necesidades individuais de desenvolvemento profesional relacionadas coa integración das tecnoloxías dixitais de aprendizaxe xorden?
 - Aprender-mellorar o manexo e uso na aula de ferramentas como o encerra-do dixital, tablets, aula virtual.
 - Compróbase que hai docentes que teñen un nivel elevado no uso de certas tecnoloxías, polo que as súas necesidades serían as de mellorar o seu manexo. Outros docentes non amosan ningún interese polo que a necesidade individual sería a de sentir motivación cara o uso das tecnoloxías na aula, antes de explicar o seu uso.
- Como detectamos estas necesidades colectivas e individuais?

- Seguimento de petición dos recursos do centro, xa que para usar as aulas multimedia hai que apuntarse nun caderno. Tamén para dispor de aula virtual, o responsable TIC debe dar de alta ao mestre-usuario, polo que é sinxelo comprobar cada ano quen usa ou non usa a aula virtual.
- Conta o centro con recursos suficientes para satisfacer estas necesidades ou é necesario recorrer a axentes externos?
- O centro podería dispor de recursos suficientes xa que existe a opción de facer grupos de traballo a través dos centros de formación do profesorado.
- Que tipo de actuacións de desenvolvemento profesional se organizarán para satisfacer esas necesidades?
- Poderíase empezar por buscar documentación sobre o uso da tecnoloxía para fomentar o interese do profesorado.
- Como se avaliarán esas actuacións?
- Comprobando si a petición no uso de recursos é máis elevada ou non.

Avaliación final: A frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano e valoraranse os aspectos indicados a continuación.

-Logro dos obxectivos establecidos neste plan

Obxectivos cara os que o centro que quere alcanzar a excelencia na integración das tecnoloxías dixitais (nas dimensións organizativa, pedagóxica e tecnolóxica) deberá aspirar.

4.2. Propostas e mellora

Na presente versión do Plan Dixital (versión 1.0) non se propoñen propostas de mellora xa que é o momento de partida do Plan e aínda non se realizou ningunha avaliación do mesmo. Nas seguintes versión do mesmo e cada vez que se realice a

avaliación do plan dixital identificaranse as propostas de mellora que se consideren pertinentes para tal fin.

5. Difusión do plan

A estratexia para a publicidade e difusión do plan dixital entre toda a comunidade educativa será a páxina web do centro.

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdouxures/>

6. Aprobación Plan Dixital

A presente versión 1.0 do Plan Dixital do CEIP do Xurés foi oída en sesión ordinaria de Claustro con data do 29 de xuño de 2022 e aprobada en sesión de Consello Escolar con data do 29 de xuño de 2022.

As futuras modificacións serán realizadas polo equipo do Plan Dixital e aprobadas na seguinte sesión ordinaria de Consello Escolar unha vez oído o Claustro de profesores.

En Lobios, a 10 de xullo do 2022.

O director

Alberto Pérez Rodríguez

(documento asinado dixitalmente á marxe)